

## ANEXO VI

## FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA		DNI/NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
PROVINCIA	LOCALIDADE	CODIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

## DATOS DA CONTA

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENTIDADE FINANCEIRA		ENDEREZO	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

## CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e que corresponden ao titular e número de conta.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Sinatura do/a solicitante

Sinatura e selo da entidade financeira

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 19 de outubro de 2009 pola que se amplía a dotación orzamentaria da Orde do 28 de maio de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para agricultores membros de agrupacións de defensa fitosanitaria, e se convocan para o ano 2009.*

A Orde do 28 de maio de 2009 (DOG nº 106, do 2 de xuño), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para agricultores membros de agrupacións de defensa fitosanitaria e se convocan para o ano 2009 detalla, no seu artigo 24 relativo ao financiamento destas axudas, a aplicación orzamentaria e o importe económico previsto para elas. Este artigo establece expresamente a posibilidade de incrementar a dotación orzamentaria destinada ao financiamento destas axudas.

En consecuencia, de conformidade co disposto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confiren o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro,

polo que se aproba o regulamento da dita lei, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

## DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase a dotación orzamentaria que se establece na Orde do 28 de maio de 2009 (DOG nº 106, do 2 de xuño) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para agricultores membros de agrupacións de defensa fitosanitaria e se convocan para o ano 2009.

Segundo.-O incremento da dotación para o exercicio 2009 será de 75.553,96 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 49.02.713C.780.3 (código proxecto 2007 00903), dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Terceiro.-Esta modificación non afecta o prazo que se establece para a presentación de solicitudes de axuda na devandita Orde do 28 de maio de 2009.

*Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado  
Conselleiro do Medio Rural

**INSTITUTO GALEGO  
DE SEGURIDADE E SAÚDE  
LABORAL**

*Resolución do 14 de outubro de 2009 pola que se crean tres ficheiros de datos de carácter persoal no Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (datos de autónomos, empresas, interesados e usuarios, tanto de contacto como dos adscritos aos plans de formación e ao Rexistro de Empresas con Risco de Amianto (RERA)).*

A Constitución española, no seu artigo 18.4º, dispón que a lei limitará o uso da informática para garantir a honra e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos.

Neste sentido, a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro) e o Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da dita lei orgánica, regulan o tratamento de datos de carácter persoal rexistrados en soportes físicos, así como toda modalidade de uso posterior destes datos polos sectores público e privado. A finalidade desta regulación é garantir e protexer as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente a súa honra e intimidade persoal e familiar.

O artigo 20.1º da dita lei establece que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio de disposición xeral publicada no BOE ou diario oficial correspondente. Así mesmo, o artigo 52 do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da dita lei, dispón que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros de titularidade pública só poderá facerse por medio de disposición xeral ou acordo publicado no BOE ou diario oficial correspondente, e permite no seu artigo 53 que, no caso dos organismos, a disposición revista a forma de resolución do seu titular.

Na súa virtude e facendo uso das facultades que me confire o artigo 6 da Lei 14/2007, do 30 de outu-

bro, pola que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral,

*DISPOÑO:*

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Mediante esta resolución créanse os ficheiros de datos de carácter persoal que se especifican no anexo.

Artigo 2º.-*Contido.*

A información exixida no artigo 20.2º da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e no artigo 54 do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da citada lei para as disposicións de creación dos ficheiros, está contida no anexo desta resolución.

Artigo 3º.-*Finalidade e uso dos ficheiros.*

Os datos de carácter persoal, incluídos nos ficheiros do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral creados por esta resolución, só serán utilizados para os fins expresamente previstos e declarados no anexo e polo persoal debidamente autorizado.

Artigo 4º.-*Cesión de datos.*

Os datos só serán cedidos nos supostos expresamente previstos pola lei e nos especificados no anexo. No suposto de cesión de datos ás administracións públicas, terá que averse ao disposto na normativa vixente respecto a esta materia.

Artigo 5º.-*Órgano responsable dos ficheiros.*

A responsabilidade sobre os ficheiros creados por esta resolución correspóndelle ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, organismo autónomo adscrito á Consellería de Traballo e Benestar.

No anexo detállase a unidade ante a que se exercerán os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos que constan nos ficheiros.

Artigo 6º.-*Nivel de protección e medidas de seguridade.*

O nivel dos ficheiros creados por esta resolución establécese atendendo ao disposto no artigo 80 do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro. No anexo aparece a súa clasificación (nivel básico, medio ou alto).

O titular do órgano responsable destes ficheiros adoptará as medidas de xestión e organización que sexan necesarias, asegurando a súa confidencialidade e os dereitos e obrigas recoñecidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

*Disposición adicional*

No caso de cesión dos datos aos servizos de estatística das administracións públicas, deberá averse, ademais, ao disposto na normativa vixente sobre materia estatística.